

ACCIÓN FORMATIVA

UNIDADE IMPARTIDORA:

**CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN
AGROFORESTAL DE GUÍSAMO**

CONVOCA UNHA ACCIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS¹ SOBRE:

Producción de cogumelos sobre troncos de madeira de castiñeiro e carballo

DESTINADA ÁS PERSOAS VINCULADAS PROFESIONALMENTE COS SECTORES PRODUCTIVOS RELACIONADOS COA AGRICULTURA, GANDERÍA, INDUSTRIA AGROALIMENTARIA E CADEA FORESTAL-MADEIRA, OU CON EXPECTATIVA DE INCORPORACIÓN, EN ESPECIAL MOZOS E MOZAS DO MEDIO RURAL GALEGO.

LUGAR DE REALIZACIÓN: **FOLGOSO**

PARROQUIA: **FOLGOSO**

CONCELLO: **FOLGOSO DO CAUREL**

DURACIÓN HORAS: **20**

Nº DÍAS: **3**

HORARIO DE MAÑÁ: De **9,00** h. Ata **14,00** h.

HORARIO DE TARDE: De **15,30** h. Ata **18,30** h.

DATA DE INICIO: **12/11/2021**

DATA DE FINALIZACIÓN: **14/11/2021**

PRESENTAR AS SOLICITUDES, PREFERENTEMENTE, NAS UNIDADES IMPARTIDORAS ORGANIZADORAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS.

¹M01: Acci3ns de transferencia de coñecementos e informaci3n (art. 14). Submedida: 1.1. apoio 3s acci3ns de formaci3n profesional e adquisici3n de competencias do PDR de Galicia 2014-2020. Acci3ns cofinanciadas co 75 % Feader

Memoria explicativa

OBXECTIVOS:

O CFEA de Guísamo presenta unha proposta formativa e de transferencia integral ao redor do castiñeiro, uso, aproveitamentos, recuperación de soutos vellos,... Trátase dunha serie de accións programadas no seu conxunto no tempo, isto quere dicir, que van secuenciadas, despois dunha acción realízase a seguinte, chegando incluso a desenvolverse ao mesmo tempo, se fose necesario.

Sitúase nos Ancares por ser unha comarca cunha forte tradición de economía rural asociada á explotación do castiñeiro, que permita unha recuperación de soutos e seu aproveitamento; froito, madeira, cogumelos,... permitindo de novo os aproveitamentos tradicionais do souto, como actividade principal ou secundaria para as economías dunha explotación agrario-gandeira forestal, o que supón unha estabilización poboacional, ao

explotar os recursos propios que repercutirían favorablemente nas economías dunha comarca marcada polo despoboamento e a falta de oportunidades. Asemesmo, é

o proxecto de accións a fixación de poboación, a incorporación de novos activos ao rural, amosando posibilidades de emprego, ben sexa a través dunha explotación directa dos soutos ou mediante a creazón de empresas de servizos, que teñan como finalidade asumir traballos agrario-gandeiro-forestais,, que unha poboación

envejecida.

3.O micelio

4. Os cultivos de cogomelos

5. Especies de cogomelo que se cultivan sobre troncos

6. A madeira

7. Inoculación

8. Incubación

9. Produción

10. Comercial e post-comercial

O obxectivo final resúmese en ser capaces de aportar a posibilidade de adquirir formación na xestión conxugada do espazo e os diversos recursos que posúen os soutos de castiñeiros en Galicia, unha xestión harmoniosa e respetuosa co medio que pon en valor

recursos que normalmente non se explotan axeitadamente, e que promove un uso e mantemento ordenado e respetuoso dos entornos silvícolas.

Formación práctica.

1. Cultivo de cogomelos en cámara

2. Taller de inoculación de cogomelo de Pleurotus ostreatus

O cultivo de cogomelos é unha actividade con grandes posibilidades, os niveis de consumo dos mesmos levan moitos anos medrando, pero ademais as tendencias de consumo están a mudar, de xeito que cada vez se demanda máis cantidade de especies de cogomelo que non só teñen valor organoléptico, senón tamén propiedades medicinais.

Moitas destas especies de cogomelo poden ser cultivadas sobre madeira, polo que, coa rápida evolución da demanda cara estas especies, ábrese a posibilidade de explotación de cultivos de cogomelos na modalidade sobre troncos, mentres que o cultivo de champiñón, especie que dominaba anteriormente o mercado en Europa, faise en cámaras de xeito moito máis intensivo.

O cultivo de cogomelos sobre troncos é unha opción de cultivo semiintensiva que require moi pouca inversión inicial, aporta a posibilidade de aproveitar recursos propios, e ecolóxica, xenera pouco impacto ambiental e produce cogomelos con mellores cualidades que os producidos nun sistema máis intensivo como sería o cultivo en cámaras. Ademais as condicións climatolóxicas de Galicia, con temperaturas mornas e elevada pluviometría,

son moi axeitadas, mentres que nos nosos montes medran en abundancia madeiras viables para o cultivo que aportan rendementos moi baixos cos aproveitamentos que se coñecen ata agora para elas.

Polo tanto o cultivo sobre troncos é unha opción moi axeitada para pequenos produtores, os cales con unha inversión moi reducida poden poñer en marcha un cultivo que lles permitirá poñer en valor os seus propios recursos e entrar no mercado como produtores de cogomelos

A actividade de cultivo de cogomelos sobre troncos pode, ademais, ser parte dun sistema de explotación silvícola integrado, polo que propoñemos a posta en práctica dun curso e